Charla “Bases para o emprendemento: da marca ás redes sociais”

- IES MONTE NEME (Carballo - A Coruña)
- IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MACÍAS O NAMORADO (Padrón- A Coruña)

## XULIO SOUSA FERNÁNDEZ

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Como cambia o significado das palabras?”

- IES «RAFAEL PUGA RAMÓN» (A Coruña)
- IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño – Ourense)
- IES DO CAMIÑO (Palas de Rei – Lugo)
- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia – A Coruña)

## MARÍA MERCEDES SUÁREZ CUNQUEIRO

Profesora Contratada Doutor da Área de Estomatoloxía

Charla “A biopsia líquida no cancro oral”

- CPR ALCA (Biduido, Ames - A Coruña)

## ANA M<sup>a</sup> SUÁREZ PIÑEIRO

Profesora Contratada Doutora da Área de Historia Antiga

Charla “Estes romanos están tolos!”

- IES 12 DE OUTUBRO (Ourense)
- CPI PECALAMA (Tordoia - A Coruña)

Charla “En campaña electoral pola antiga Roma”

- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)

Charla “ Os romanos en Galicia”

- IES FERNANDO BLANCO (Cee - A Coruña)

## JOSÉ MARÍA SUÁREZ QUINTANILLA

Profesor Titular de Universidade da Área de Estomatoloxía

Charla “A importancia da estética facial no proceso non verbal de comunicación entre os seres humanos”

- CIFP FERROLTERRA (Ferrol-A Coruña)
- IES ARCEBISPO XELMIREZ II (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES LAMAS DE ABADE (Santiago de Compostela - A Coruña)

## TERESA TABOADA RODRÍGUEZ

Profesora Contratada Doutora da Área de Edafoloxía e Química Agrícola

Charla “Introdución á Xeoloxía Ambiental”

- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES LAMAS DE ABADE (Santiago de Compostela - A Coruña)

## GERMÁN VARGAS CALLEJAS

Profesor Contratado Doutor da Área de Teoría e Historia de la Educación

Charla “A utopía do bo vivir: educar para unha cultura da sustentabilidade”

- IES RIO CABE (Monforte de Lemos – Lugo)
- IE PORTO DO SON (Porto do Son - A Coruña)
- IES OROSO (Sigüeiro - A Coruña)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)

ENCONTROS  
DO  
ENSINO MEDIO  
NA  
USC 2018-19

ENCONTROS NO

## CAMPUS DE COMPOSTELA

Un total de 3567 alumnos de 68 centros de ensino secundario de toda Galicia visitaron o Campus de Santiago, dentro dos Encontros na USC os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2019. Con esta iniciativa preténdese acercar ao alumnado de Ensino Medio aos estudos nos que eles están máis interesados mostrándolle as materias coas que se van atopar así como as súas saídas profesionais, a posibilidade de emprego etc, coñecer as instalacións onde se imparten as titulacións nas que están interesados, e poder asistir a unha clase cos alumnos de 1º curso e, nalgún caso, visitar laboratorios de clases prácticas.

Nestas visitas, ademais dos responsables dos centros participaron os estudantes do 2º ano do curso de titores, que foron os encargados de dirixilos polos campus e comentarlles as súas vivencias na USC

Os percorridos que se ofertaron foron os seguintes:

# PERCORRIDOS

## SAÍDA DA RESIDENCIA BURGO DAS NACIÓNS ÁS 10:30 (CAMPUS NORTE)

- 1: Filoloxía e Ciencias da Comunicación
- 2: Ciencias Económicas e Empresariais
- 3: Ciencias da Educación (Mestres) e Traballo Social
- 4: Medicina e Enfermaría
- 5: Odontoloxía e Enfermaría
- 6: Xeografía e Historia e Filosofía

## SAÍDA DA RESIDENCIA MONTE DA CONDESA ÁS 10:30 (CAMPUS VIDA)

- 7: Dereito, Relacións Laborais e Ciencias Políticas e Sociais
- 8: Química e Enxeñaría Química
- 9: Bioloxía e Farmacia
- 10: Enxeñaría Informática e Matemáticas
- 11: Física e Matemáticas
- 12: Física e Química
- 13: Óptica e Optometría
- 14: Psicoloxía e Ciencias da Educación

Pola tarde realizaron visitas ao Patrimonio Histórico e ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia, ás Residencias Universitarias, ao Museo de Historia Natural e á Cidade da Cultura.

Total de alumnos que participaron no Campus

TOTAL ALUMNOS	3567
TOTAL CENTROS	68

Relación de centros que visitaron o Campus de Santiago de Compostela:

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES SALVADOR DE MADARIAGA	A CORUÑA	A CORUÑA
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA	A CORUÑA	A CORUÑA
IES DO MILLADOIRO	AMES	A CORUÑA
IES DE AMES	AMES	A CORUÑA
IES DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA





NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPR PLURILINGUE NUESTRA SEÑ. DEL CARMEN	BETANZOS	A CORUÑA
IES PRAIA DE BARRAÑA	BOIRO	A CORUÑA
IES MONTE NEME	CARBALLO	A CORUÑA
IES ISIDRO PARGA PONDAL	CARBALLO	A CORUÑA
IES CABO ORTEGAL	CARIÑO	A CORUÑA
IES DE CURTIS	CURTIS	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
IES DE MELIDE	MELIDE	A CORUÑA
IES MUGARDOS	MUGARDOS	A CORUÑA
IES TERRA DE TRASASCNCOS	NARON	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES XULIAN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	NOIA	A CORUÑA
IES DE ORTIGUEIRA	ORTIGUEIRA	A CORUÑA
IES MACÍAS O NAMORADO	PADRÓN	A CORUÑA
IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS	PERILLO - OLEIROS	A CORUÑA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES POBRA DO CARAMIÑAL	POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES PORTO DO SON	PORTO DO SON	A CORUÑA
IES FELIX MURIEL	RIANXO	A CORUÑA
IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	A CORUÑA
IES AS FONTIÑAS	SANTIAGO	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMIREZ I	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES LAMAS DE ABADE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES XELMIREZ II	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
CPR SEMINARIO MENOR	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES FONTEM ALBEI	A FONSAGRADA	LUGO
IES BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO
IES SANXILLAO	LUGO	LUGO
IES FRANCISCO DAVIÑA REY	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA	SARRIA	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES AQUIS QUERQUERNIS	BANDE	OURENSE
IES MANUEL CHAMOSO LAMAS	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES Nº 1	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE	VERÍN	OURENSE
IES LAGOA DE ANTELA	XINZO DE LIMIA	OURENSE
IES JOHAN CARBALLEIRA	BUEU	PONTEVEDRA
IES FRANCISCO ASOREY	CAMBADOS	PONTEVEDRA
IES CHANO PIÑEIRO	FORCAREI	PONTEVEDRA



NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES ILLA DE TAMBO	MARIN	PONTEVEDRA
IES VAL DO TEA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
CPR SAGRADO CORAZÓN	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
IES MENDIÑO	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES PEDRO FLORIANI	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES PINTOR COLMEIRO	SILLEDA	PONTEVEDRA
IES ANTÓN ALONSO RÍOS	TOMIÑO	PONTEVEDRA
IES RIBEIRA DO LOURO	TORNEIROS - O PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES DE VALGA	VALGA	PONTEVEDRA
CPR SAN JOSÉ DE CLUNY	VIGO	PONTEVEDRA
CPR MARIA AUXILIADORA SALESIANOS	VIGO	PONTEVEDRA
IES CASTRO ALOBRE	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES FERMIN BOUZA BREY	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES PAZO DA MERCÉ	AS NEVES	PONTEVEVEDRA
IES PINO MANSO	O PORRIÑO	PONTEVEVEDRA
COLEXIO SEK-ATLANTICO	POIO	PONTEVEVEDRA
IES PEDRA DA AUGA	PONTEAREAS	PONTEVEVEDRA
IES DE SOUTOMAIOR	SOUTOMAIOR	PONTEVEVEDRA
IES A GUÍA	VIGO	PONTEVEVEDRA

## CAMPUS DE LUGO

No curso 2018-19 tamén se levaron a cabo os xa consolidados “Encontros no Campus Terra de Lugo” para dar a coñecer este Campus e as súas titulacións de Grao ao alumnado de Secundaria de toda Galicia.

Nesta ocasión, volvéronse a convocar en tres datas diferentes cun mesmo programa para facilitar o acceso aos centros interesados, sendo necesaria a realización das tres xornadas pola alta demanda. As datas elixidas foron o martes 5 de febreiro, xoves 7 de marzo e venres 12 de abril, aínda que tamén se fixo unha xornada *ad hoc* o 31 de maio para un centro.

Organizáronse, en función das preferencias do alumnado, os seguintes percorridos:

### PERCORRIDOS

- 1.- Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- 2a e 2b.- Facultade de Ciencias
- 3.- Facultade de Formación do Profesorado
- 4.- Facultade de Humanidades
- 5.- Facultade de Veterinaria
- 6<sup>a</sup>, 6b e 6c- Escola Politécnica Superior
- 7.- Escola de Enfermería
- 8.- Escola de Relación Laborais

### RELACIÓN DE CENTROS QUE VISITARON O CAMPUS DE LUGO

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES DA POBRA	A POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA
CPI PECALAMA	TORDOIA	A CORUÑA
IES MONCHO VALCARCEL	AS PONTES	A CORUÑA
CPI Dr. LÓPEZ SUÁREZ	ESCAIRÓN	LUGO
CPI TINO GRANDÍO	GUNTÍN	LUGO
CPR SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS	RIBADEO	LUGO
IES FRANCISCO DAVIÑA REY	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES DE BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES ILLA DE SARÓN	XOVE	LUGO

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES VAL DO ASMA	CHANTADA	LUGO
IES SANXILLAO	LUGO	LUGO
CIFP AS MERCEDES	LUGO	LUGO
CPI Dr. LÓPEZ SUÁREZ	FRIOL	LUGO
CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
IES DA TERRA CHÁ - JOSÉ TRAPERO PARDO	CASTRO	LUGO
IES LUCUS AUGUSTI	LUGO	LUGO
IES ENRIQUE MURUAIS	A PONTENOVA	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO
IES LEIRAS PULPEIRO	LUGO	LUGO
IES ANXEL FOLE	LUGO	LUGO
CPR DIVINA PASTORA - SALESIANOS	LUGO	LUGO
CPR SAN JOSÉ	LUGO	LUGO

# CURSO

«PROGRAMA DE FORMACIÓN DE  
TITORES E ORIENTADORES ACADÉMICOS»







O programa do 1º curso, xunto cos docentes que o imparten, e o que se detalla a continuación:

### Parte xeral:

TEMARIO	PROFESORADO
1. A USC. Organización e Servizos	José Luis Braña Rey María Jesús Varela Pulpeiro
2. Actividades Culturais e Deportivas	Pablo Sampedro Magán Alexandre Cadarso Suárez Paloma Lugilde Rodríguez
3. As relacións administrativas alumno – universidade.	Silvia Villegas Ramos Rocio Álvarez Arias
4. O espazo Europeo de Educación Superior	Celso Rodríguez Fernández
5. CLM formación, avaliación e acreditación de competencias lingüísticas	Katerina Vlasakova Martázul Busto Núñez
6. A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández Fátima Teixeira Vázquez
7. A Calidade na USC	José Manuel Villanueva Prieto
8. Programas de Mobilidade	Anne Forryan Jacobó Feás Vázquez
9. A Formación na USC. Grao, Posgrao e Formación Contínua	Margarita Valcarce Fernández
10. A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos	Maria Julia Diz López
11. Técnicas de Comunicación	Enrique Castelló Mayo Pablo Vázquez Sande
12. O Desenvolvemento da Carreira Profesional	Celia Conde-Pumpido Tourón Gloria Cruz Amil

### Parte específica:

Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo:

- Planos de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais

Esta parte específica impartirase no número de sesións que cada centro estime oportuno.

ACTO DE  
RECOÑECIMIENTO

AOS

MELLORES  
ESDUDANTES

DE CENTROS DE ENSINO MEDIO DE GALICIA NAS  
PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO  
PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE





Un total de 717 estudantes pertencentes a centros de Ensino Medio, deles 257 son homes é 460 mulleres, foron invitados a asistir ao acto acompañados dos seus familiares e representantes de centros de Ensino Medio de Galicia onde cursaron o Bacharelato. A distribución de alumnos/as por provincias foi a seguinte:

Provincia	Nº total de alumnos/as	Mulleres	Homes
A CORUÑA	313	122	191
LUGO	96	30	66
OURENSE	72	30	42
PONTEVEDRA	236	75	161

O acto estivo presido polo Reitor da USC, Antonio López Díaz. Interveu o futuro alumno do Grao en Biotecnoloxía Pablo Manuel Piñeiro Insua, do “les Praia de Barraña” de Boiro en representación do alumnado de mellores expedientes.

A continuación interveu a profesora Eva Cortés Hernández, directora do “les de Mendiño” de Redondela, en representación dos seu colectivo e o Alcalde do Concello de Santiago.

Ao alumnado homenaxeado fíxoselle entrega dun diploma, en recoñecemento ao seu esforzo co desexo de que manteñan a mesma liña de traballo en cursos vindeiros, así como diverso material: bolsa, carpeta e gorra da USC.

Posteriormente nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia ofreceuse un aperitivo para todas as persoas asistentes.

É de agradecer a colaboración que para este acto prestou o Concello de Santiago de Compostela.

## D. PABLO MANUEL PIÑEIRO INSÚA

IES PRAIA BARRAÑA - BOIRO

**S**eñor reitor, autoridades, representantes dos organismos e institucións, profesores, compañeiros e familiares, boas tardes a todos.

En primeiro lugar, quero agradecer a oportunidade que se me brindou de dirixirme a vós hoxe, e como non, dar os parabéns a todos os compañeiros e compañeiras por superar con éxito as probas de acceso á universidade. Espero que nas miñas palabras podades vervos representados.

Acabamos de superar un proceso, un proceso que non foi doado, que estivo acompañado de traballo constante, de horas de estudo, de nervios, de inseguridade e de incerteza, sabedores de que unhas décimas arriba ou abaixo poderían pechar a porta ó futuro desexado. Porén, foron tamén horas de confianza en nós mesmos e nas nosas posibilidades, horas de superación persoal e de retos que nos levaron a acadar o obxectivo anhelado.

Pero este logro non é única e exclusivamente mérito noso, nel teñen gran parte todas aquelas persoas que nos acompañaron no camiño e foron deixando pegadas en nós, a nosa familia, os nosos compañeiros e amigos e, como non, os nosos profesores. Profesores, que coa súa dedicación e compromiso foron quen de despertar en nós a curiosidade e abriron a invitación a pensar, amosándonos o inabarcable mundo do coñe-

cimento. Que non dubidaron, en moitas ocasións, en dedicar o seu tempo non lectivo, o seu tempo de lecer, á nosa formación. Profesores que así mesmo nos transmitiron valores, e un deses valores para min fundamental nunha sociedade onde prima a competitividade, onde prima o eu por riba do nós, foi a colaboración, o compañeirismo. Ensináronnos que os logros cando son de moitos, cando son compartidos, saben mellor. E eu teño o privilexio de poder compartir hoxe e aquí este logro con todos vós.

Péchase unha etapa, un ciclo, o da nosa formación coma bachareis, e o peche dunha etapa sempre trae consigo certa nostalxia, certo sabor agridoce, o do reto superado, o do obxectivo cumprido. Pero así mesmo o de deixar atrás momentos, que aínda que atesourados na nosa memoria, nunca volverán.

E agora, neste punto, atopámonos ante un novo reto, un novo proceso, que estou seguro que todos afrontamos con ilusión, pero tamén con inquietanzas. Moitos tiñades clara a vosa elección, cara onde queriades orientar o voso futuro, outros quizais decidístelo ó longo deste ano, e algúns, entre os que me inclúo, dubidámolo ata o final. Porque son tantos os campos de interese que



se abren ante nós que non é doado escoller, e o medo a equivocarse sempre está presente. Pero a toma de decisións fainos madurar e permítenos desenvolvernos integralmente como persoas.

Comeza unha nova etapa, un novo paso cara o futuro, que trae consigo unha maior independencia, unha maior toma de decisións, xa que a maioría de nós encaremos por primeira vez a vida sós, lonxe do seo familiar. Pero tamén estará acompañada dunha maior responsabilidade, primeiro con nós mesmos porque esta etapa marcará posiblemente o noso futuro laboral e debemos sacar o máximo rendemento ó noso potencial, ás nosas capacidades, e intentar superarnos cada día.

E despois, tamén ca sociedade, xa que debemos ofrecer a mellor versión de nos mesmos.

Gustaríame recordar que temos a sorte de gozar dun sistema educativo no que a pesar dos seus máis e dos seus menos, prima a calidade e a equidade. Aproveitémolo como se merece, aproveitemos a oportunidade que se nos brinda de acadar un futuro mellor.

E por último dicirvos que espero que a curiosidade, o traballo, o esforzo e o tesón, que guiou os nosos pasos ata aquí nos siga acompañando ó longo do camiño.

Moitas grazas

# Dña. EVA CORTÉS HERNÁNDEZ

Directora IES MENDIÑO

**E**stimadas/os asistentes: Sr Reitor da USC, Sr Alcalde de Santiago, Sra Alcaldesa de Lugo, Sras/es Vicerreitores, Sra Secretaria da USC, Delegado Reitor de Ensino Medio, Coordinador do Programa A Ponte.

Benvidas e benvidos, alumnas/os máis destacados dos Premios aos Mellores Expedientes do Bacharelato.

Unha aperta ás vosas familias e ao profesorado dos vosos centros.

A un intre de deixar ao carón a sufrida adolescencia, entrades pola porta grande na vida adulta. Lembrede sentirvos orgullosas e orgullosos polos éxitos obtidos, e disfrutade cada minuto e cada día deste camiño cara á Universidade e Ciclos Superiores.

Recordade percorrer mundo, viaxar, formarvos en todo aquilo que esperte a vosa curiosidade, mostrar sempre o voso lado amable e a vosa solidariedade como bandeira da terra onde medrastes. Despois de tantos anos recuperamos da nosa memoria as palabras e ilustracións de Castelao que di: “En Galiza non se pide nada, emígrase» Nos pedímosvos, lembrede volver á terriña.

Agora podedes relaxarvos un pouco, xa sei que de seguro levades vivindo os últimos meses como no cadro de Munch «O Grito» un aturuxo ou be-

rro case silencioso, onde vos parecía que este momento non daba chegado.

Neste momento de felicidade no que celebrades posuír os mellores expedientes de Bacharelato do curso 2018/19, a vida xa se converteu para vós no máis parecido ao «Almorzo sobre a herba” de Monet, ou a «Felicidade no paraíso» de Gauguin.

Disfrutade da vida, do verán, das vacacións, coa alegría dos nenos na obra de Sorolla « O baño», con ese sentimento xubiloso e sosegado dos primeiros baños no mar.

Agora xa podedes ler os libros pendentes, escoitar música de seguido, ver películas e series, e poñervos ao día coa familia e as amizades.

E pensaredes, ¿por que falamos tanto da arte? Algunhas e algúns xa se decataron de que aquí a directora pertence á familia artística na educación. En concreto á materia de debuxo.

Unha especialidade académica ás veces infravalorada nos centros educativos, á que só se recorre como di Rosa, a miña vicedirectora, nos momentos de coros e danzas, para facer o cartel, unhas letras, fotografías e vídeos.

O debuxo, a Música... as Artes somos necesarios para o desenvolvemento integral do alumnado. Imprescindibles para orixinar neles un pensamento abstracto e diverxente.



Porque.... a que recorremos cando todo perde o seu sentido? Á ARTE

Na arte todo encontra de novo o seu lugar, é como volver ao fogar despois dunha longa viaxe. Como di a nosa alumna pianista que cursou 2º de Bacharelato este curso no Mendiño, a música sana ás persoas, e como á música, faino un poema, un libro, unha obra de teatro, unha escultura, un debuxo ou unha fotografía, un concerto, unha canción... ou un amencer. A capacidade de sentir e recuperarnos das adversidades que nos aporta, a resiliencia... vai envolta no papel das Artes.

Por iso é importante recoñecer que o pensamento evoluciona a partir da creatividade, a capacidade de imaxinar e transformar en so-

lucións, todos os problemas e necesidades do mundo real.

Porque.... esperamos de vós solucións políticas, sociais, tecnolóxicas, científicas sempre obtidas mantendo unha actitude proactiva e colaborativa. Desenvolvendo a vosa creatividade e as altas capacidades das que dispoñedes, que celebramos hoxe todas e todos xuntos.

Vós sodes o exemplo do éxito obtido co esforzo continuado, non deixedes de tocar o chan cos vosos pés, e seguides imaxinando a vosa realidade soñada. Que non vos confundan pensamentos e luces mentireiras da sociedade coas promesas dun éxito efímero e artificial; seguides constantes, pero tamén felices.





Deixádevos aniñar pola vida como na imaxe «O beso» de Klimt, mais... nos vos acomodades, comenzade a agromar, sodes os nosos brotes verdes que florecen , e tanto as vosas familias como os vosos profesores e profesoras, estaremos sempre atentos para vervos medrar e contemplar os vosos froitos.

Como xa vos fixastes todas e todos, aquí, na mesa, está presente unha imaxe, son as pingueiras de esperanza e o corazón do IES Mendiño. Nel están escritos os nomes de todo o alumnado de noso centro. Eles, elas e todos/as nós , sufrimos nestas derradeiras semanas un duro golpe da realidade, que nos arrebatou a 3 dos nosos magníficos/as alumnos/as de 2º Bacharelato.

No homenaxe ás nosas dúas alumnas e ao noso alumno e ás súas familias, representamos o noso corazón fracturado pero que se mantén unido porque, como di Almudena, a nosa Xefa de Estudos, o cariño e a amizade crea lazos de sangue.

Este curso non tivemos a honra de que o noso alumnado fose premiado neste acto, pero nos decatamos de que para todas e todos, alumnado, familias e profesorado ...

o mellor Premio Extraordinario É ....A VIDA.  
Grazas a todas e todos.

CAMPUS CIENTÍFICOS



O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) organizan cada ano os Campus Científicos de Verán (CCV). Trátase dun campamento de verán para estudantes de 4º de ESO e 1ª de Bacharelato de centros educativos de toda España, no que teñen a oportunidade de sumarse a un proxecto de investigación xunto a científicos de universidades de toda España. Os CCV pretenden fomentar a investigación científica de excelencia así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, necesarios para incrementar a competitividade da industria española e a mellora da calidade de vida da cidadanía, propiciando a colaboración entre axentes implicados en actividades de I+D+i e a difusión e comunicación dos resultados e actuacións realizadas en investigación e innovación, favorecendo a transferencia do coñecemento en talento innovador e emprendedor, especialmente entre os mais mozos, así como actividades encamiñadas a espertar entre os estudantes vocacións científicas e avivar o seu interese, tanto polo estudo das ciencias como pola actividade investigadora.

Nesta edición de 2019 este Programa contou coa colaboración de 13 universidades pertencentes aos Campus de Excelencia Internacional, que foron seleccionadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional entre os proxectos de acercamento científico presentados.

O profesor Celso Rodríguez Fernández, Delegado do Reitor para o Ensino Medio, foi a persoa encargada de coordinar esta actividade na que participaron os seguintes proxectos:

“¿Como eliminar a contaminación da auga?, Atrévete a investigar e innovar!”, “Buscando partículas no maior acelerador da historia: LHC”, “A maxia dos hidroxelos intelixentes” e “MathematiCSI: Mathematical Scene Investigation” dirixidos respectivamente por Gumersindo Feijoo Costa, Xabier Cid Vidal, Francisco Javier Otero Espinar e M<sup>a</sup>. Victoria Otero Espinar.

Esta actividade realizouse no mes de xullo. Do 2 ao 15 de xullo participan un total de 60 estudantes de 1º de Bacharelato distribuídos en dúas quendas dunha semana e do 16 ao 29 participan 59 estudantes de 4º de ESO divididos tamén en dúas quendas dunha semana.

A inauguración tivo lugar o luns día 2 de xullo ás 10 horas no Salón de Actos da Residencia Colexio Maior Fonseca (Campus Vida), e estivo presidida pola Vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos María do Mar Lorenzo Moledo.

NOME DO PROXECTO	LUGAR DE REALIZACIÓN
BUSCANDO PARTÍCULAS NA MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC	FACULTADE DE FÍSICA
A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES	FACULTADE DE FARMACIA
COMO ELIMINAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA?. ATRÉVETE A INVESTIGAR E INNOVAR!	ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA
MATEMATICS! : MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION	FACULTADE DE MATEMÁTICAS

O obxectivo dos Campus Científicos é incentivar a acceso dos estudantes a titulacións científico-técnicas e apoiar a permanencia no primeiro ano dos estudos de Grao para consolidar as vocacións nestes ámbitos. A experiencia permitiralle ao estudantado concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas áreas, así como a súa aplicabilidade na resolución de problemas en diversos campos da investigación e da innovación. A iniciativa posibilitará tamén transmitir aos estudantes a experiencia científica directa, os valores, fundamentos e procesos metodolóxicos da ciencia, conectar a vida non universitaria e universitaria e potenciar a convivencia entre estudantes de diferentes comunidades autónomas.

## REDES SOCIAIS:

**USC** Universidade de Santiago de Compostela  
1 de julio

Diríxese a alumnado de 1º de Bacharelato e 4º de ESO de centros educativos de toda España e pretende fomentar a investigación científica de excelencia así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.  
[https://xornal.usc.gal/x.../acontece/2019\\_07/noticia\\_0001.html](https://xornal.usc.gal/x.../acontece/2019_07/noticia_0001.html)



XORNAL.USC.GAL  
**Botou a andar a décima edición dos Campus Científicos de Verán - - USC**

2514 Personas alcanzadas    125 Interacciones    [Promocionar publicación](#)

31    6 veces compartida

Me gusta    Comentar    Compartir

**JOSE CARLOS RAMIREZ** @jcramirez69    [Seguir](#)

Botou a andar a décima edición dos Campus Científicos de Verán - - USC  
[xornal.usc.gal/xornal/acontec...](https://xornal.usc.gal/xornal/acontec...)

9:48 - 2 jul. 2019

**Enxeñaría Química** @EnxQuim\_USC    [Seguir](#)

O luns 1 de xullo arranca a décima edición dos Campus Científicos de Verán @UniversidadeUSC @elcorreogallego @vozdesantiago [xornal.usc.gal/xornal/acontec...](https://xornal.usc.gal/xornal/acontec...)

12:51 - 28 jun. 2019

1 Retweet    4 Me gusta

1    1    4

**Enxeñaría Química** @EnxQuim\_USC · 28 jun.  
Ahora que está tan de moda (y así debe ser) promocionar las STEM entre el Bachillerato y ESO, destacar el trabajo @FECYT\_Ciencia con los #campuscientificos desde 2010. El Departamento siempre ha participado con los profesor@s MT Moreira y @feljoo\_costa

**ABIERTO EL PLAZO DE INSCRIPCIÓN PARA CAM...**  
Vive la ciencia  
[campuscientificos.es](https://campuscientificos.es)

**F J Otero Espinar** @FranOteroEsp    [Seguir](#)

Remata este venres a cuarta e derradeira quenda dos Campus Científicos de Verán coa presentación dos traballos - - USC  
[xornal.usc.gal/xornal/acontec...](https://xornal.usc.gal/xornal/acontec...)

8:34 - 24 jul. 2019 desde Valencia, España

2 Retweets    7 Me gusta

## “BUSCANDO PARTÍCULAS EN EL MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC”

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar ao alumnado coa estrutura fundamental da materia, desde o átomo as partículas elementais que a constitúen e os tipos de interaccións presentes na natureza, e coa historia dos descubrimentos científicos que levaron aos modelos e resultados actuais. Os alumnos tamén adquiren nocións de como funcionan os experimentos de colisión de partículas en aceleradores e cal é a súa finalidade. Máis en concreto, explicase o funcionamento dun acelerador e os detectores, e relátase a diferenza fundamental entre os diferentes detectores do LHC e descríbese que fai ao LHC tan especial.

## “A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES”

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar aos alumnos con novos materiais baseados en polímeros capaces de responder a estímulos. Durante o curso os estudantes estudaron o comportamento de polímeros e xeles e sobre todo das propiedades básicas que resultan de interese no campo da farmacia e a biomedicina. Moitos dos avances no desenvolvemento de biomateriais, produtos sanitarios, medicamentos ou biosensores son posibles grazas ao desenvolvemento de novos sistemas poliméricos hidrofílicos, biodegradables que son capaces de modificar a súa conformación en función das características biolóxicas, químicas ou fisicoquímicas do medio. A elevada afinidade pola auga e a posibilidade de modular a estrutura do entramado tridimensional mediante estímulos físicos ou químicos, fai posible o deseño de sistemas con propiedades mecánicas e de cesión de fármacos ou outras sustancias activas moi interesantes. Este curso pretende dar a coñecer as prestacións dos hidroxelos intelixentes a través dunha combinación equilibrada de fundamentos teóricos e preparación e caracterización práctica de sistemas sinxelos.

## “COMO ELIMINAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA? ¡ATRÉVETE A INVESTIGAR E INNOVAR!”

Realizouse unha introdución de carácter xeral a aspectos relacionados co ciclo do auga urbano e a depuración de augas residuais. Déronse a coñecer os distintos contaminantes da auga e como medilos. Descríronse as unidades que ten unha planta depuradora de augas residuais. Os alumnos aprenderon como os sistemas físico-químicos eliminan os contaminantes sólidos e coloidales. Mostrouse como operar e determinar a eficacia dun sistema de coagulación-floculación, así como a efectividade de diferentes compostos químicos á hora de conseguir unha óptima separación dos contaminantes do auga.

Os alumnos utilizaron o equipo denominado “Ciclón” co fin de estudar a sedimentación de partículas en diferentes cámaras de sedimentación. Con este traballo aprenderon que o proceso de sedimentación está dominado pola velocidade de avance das partículas, que á súa vez depende de dous factores o caudal e a forma e dimensións do sedimentador. Estas dúas prácticas permitiulles adquirir e entender os conceptos teóricos que se atopan aplicados nos equipos a escala real nas plantas de augas residuais

## “MATHEMATICS!: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION”

O obxectivo principal desta actividade é transmitir ao alumnado o interese das Matemáticas, enfocándolas como unha ferramenta que resolve múltiples problemas da vida real. O problema fundamental que se trata é a creación dun modelo matemático que estime a evolución dunha poboación de mosquitos. Dita poboación está composta por mosquitos que transmiten o virus do zika e mosquitos modificados xenéticamente incapaces de transmitir tal enfermidade. O citado modelo séguese de nocións básicas de xenética, probabilidade e sucesións.

Trátase ademais doutros problemas como a lei de enfriamento de Newton, (ecuacións diferenciais sinxelas), os cifrados criptográficos de César e Vigenère, un problema relacionado con xogos das torres de Hanoi e algúns máis. Para iso foi necesario utilizar ordenadores.

Ademais da realización dos proxectos de investigación, o estudiantado tivo ocasión de escoitar os profesores da USC que explicaron temas do seu interese nas seguintes charlas:

PONENTE	TITULO CHARLA
Jorge Mira Pérez	Que distancia nos separa do firmamento?
Antonio Gómez Tato	Matemáticas en la vida real". Facultad de Matemáticas

Tamén participaron en actividades lúdico-deportivas, visitas guiadas ao patrimonio histórico da USC, Museo “Historia Natural” e visita a Fisterra.

OUTRAS ACTIVIDADES





## “XXVII XORNADAS DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA E PROFESIONAL DO CONCELLO DE A CORUÑA”

Organizada polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña do 1 ao 5 de Abril de 2019 celebráronse as xornadas de información e orientación ao alumnado de ensino medio, do centro da cidade e arredores nas que participou o profesorado da USC, que de seguido se indica para presentar as distintas titulacións que a nosa Universidade oferta

*Charla Informativa da USC, M<sup>a</sup> Teresa Flores Arias*

ESTUDOS	PROFESORADO
Filosofía	F. Javier Barcía González
Optica e optometria	Carlos García Resúa
Traballo social	Lourdes Besada Agra
Física	José Manuel Sanchez de Santos
Física + Química	José Manuel Sanchez de Santos
Matemáticas	Rosana Rodríguez Lóez
Matemáticas + Física	Rosana Rodríguez Lóez
Enxeñaría Informática + Matemáticas	Rosana Rodríguez Lóez
Biotecnoloxía	Antonio Segura Iglesias
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Enxeñaría forestal e do medio natural	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria + Enxeñaría forestal e do medio natural	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Historia	Fernando Pérez Rodríguez
Historia da arte	Fernando Pérez Rodríguez
Ciencias da cultura e difusión cultural	Gonzálo Francisco Fernández Suárez
Paisaxe	Cristina García Fontán
Medicina	José Carreira Villamor
Nutrición humana e dietetica	Jesús Casabiell Pintos
Pedagoxía	Lorena Casal Otero
Veterinaria	M <sup>a</sup> Izaskun Ibarguren Arizeta
Linguas e literaturas modernas	Susana Jiménez Placer
Filoloxía clásica	Susana Jiménez Placer
Comunicación audiovisual + Xornalismo	Carlos Toural Brán
Xornalismo	Carlos Toural Brán

<b>ESTUDOS</b>	<b>PROFESORADO</b>
Xeografía e ordenación do territorio	Miguel Pazos Otón
Odontoloxía	Jacobo Limeres Pose
Farmacía	María Paz García Martínez
Farmacía +Óptica	María Paz García Martínez
Enxeñaría procesos químicos industriais	Aida Jover Ramos
Ciencias políticas e da administración	Manuel María de Artaza Montero
Robótica	Roberto Iglesias Martínez
Psicoloxía	Santiago Galdo Álvarez

